



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SETE (27) DE XANEIRO DE 2022

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 27 de xaneiro de 2022, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Jorge Pérez Méndez.
- D^a Anna Margarita Candal Malvís.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-BNG

- D. Xurxo Martínez Caño.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asiste:

- D. Jaime Rumbo Mosquera, concelleiro do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.

Da fe dos acordos tomados, M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, Vicente Calvo del Castillo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.

De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 2022000190, de 21 de xaneiro, que son os seguintes:

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 15 de decembro de 2021.

2º.- Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no Plan provincial ás obras de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022.

3º.- Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no POS+ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial.

4º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2021005601 ao nº 2021006277 e do 2022000001 ata o nº 2022000175 (incluídos).

5º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 15 de decembro de 2021

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria de 15 de decembro de 2021*.

Punto 2.- Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no Plan provincial ás obras de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, Dª **Mª José Varela**, explicando a proposta que se presenta para a súa aprobación consistente na participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal, o denominado “Plan Único de Concellos” da Deputación Provincial da Coruña, na que se solicita a aplicación da achega separando o que se financia con cargo á de 2022 da de 2021. Unha proposta que contou coa unanimidade dos grupos políticos asistentes á xuntanza da comisión informativa que tivo lugar o pasado día 21.

En canto á achega provincial de 2022, solicítanse 457.507,10 € para gasto corrente e en canto ó financiamento de investimentos, non se solicita nada.

No que atinxe á achega provincial de 2021, investimentos financeiramente sostibles, solicítase o financiamento para a execución da obra denominada “Substitución de céspede artificial no Campo de Fútbol Eugenio Pardo



CONCELLO DE OLEIROS

Conchado de Oleiros”, cunha solicitude de aportación da Deputación provincial por valor de 325.946,92 € e unha aportación municipal de 27.500,09 €, o que supón un orzamento total de 353.447,01 €.

En canto ó préstamo provincial, non se solicita; polo que o total do que supón o POS+ 2022 para o concello acada a cantidade de 810.954,11 €, correspondentes a achega provincial para gastos correntes e para a execución da obra sinalada, sumada tamén a aportación municipal para ésta última.

Finalmente, procede tamén aprobar o Plan Complementario do ano 2022, para gastos financeiramente sostibles, no que se engaden as obras de “Renovación de redes e pavimentación das Rúas Fraternidade e Amistade”, por un importe de 175.257,86 €; a “Adaptación de pérgola na Biblioteca Rialeda”, por 133.500,47 €; o “Acondicionamento da Rúa Subiña e acceso ó novo campo de fútbol”, por 418.635,05 € e a “Reparación do peche exterior no Parque José Martí”, por un importe de 158.663,19 €.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que moitas das actuacións que se propoñen neste Plan de Obras da Deputación foron xa propostas polo seu grupo municipal desde hai tempo, por exemplo o arranxo da rede de saneamento e pavimentación; o arreglo do peche exterior do Parque José Martí ou o arranxo da Rúa Suiña, polo que o seu grupo está de acordo en que estas axudas procedentes doutras administracións servan para arranxar estas necesidades.

Anuncia o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, o voto favorable do seu grupo aínda que lle gustaría, recoñecendo que sendo as actuacións propostas necesarias, que se engadise nalgún intre a subsanación dos apagóns eléctricos que se veñen producindo regularmente no concello en determinadas zonas, tal e como ven denunciando o seu grupo nos seis últimos anos.

O voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, anuncia o seu voto a favor e o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, tamén anuncia o voto favorable para este asunto, salientando que lle gusta especialmente o proxecto de adaptación da pérgola existente en Rialeda, dado que está neste intre desaproveitada e unha vez arranxada volverase a poñer en valor, dándolle uso.

Remata a quenda de intervencións o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que neste intre o concello está a investir practicamente un millón de euros na mellora das instalacións de enerxía eléctrica do municipio, cambiando redes, cadros eléctricos, etc. Está previsto para o vindeiro exercicio volver a pedir axuda á Unión Europea para esta fin, é dicir, mellorar as instalacións eléctricas do municipio.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta, que se ditaminou na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xaneiro de 2022, da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal



CONCELLO DE
OLEIROS

de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022” :

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	DEPUTACIÓN
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	457.507,10.-
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00.-
Subtotal gasto corrente	457.507,10.-

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
DENOMINACIÓN DA OBRA OU SUBMINISTRACIÓN	DEPUTACIÓN	Concello			ORZAMENTO TOTAL
		ACHEGA PROVINCIAL	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	TOTAL CONCELLO	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					0,00.-

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
DENOMINACIÓN DA OBRA OU SUBMINISTRACIÓN	DEPUTACIÓN	Concello			ORZAMENTO TOTAL
		ACHEGA PROVINCIAL	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	TOTAL CONCELLO	
Substitución de céspede artificial no Campo de Fútbol Eugenio Pardo Conchado-Oleiros	325.946,92	325.946,92	-----	27.500,09	353.447,01
Subtotal investimentos achega provincial 2021	325.946,92.-	325.946,92.-	-----	27.500,09.-	353.447,01.-

C) Redución da débeda con entidades financeiras:

	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022
--	---------------------------------



CONCELLO DE
OLEIROS

ENTIDADE FINANCEIRA	Aplicando á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00.-

D) Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		DEPUTACIÓN	Concello			ORZAMENTO TOTAL
			CONCELLO	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	TOTAL CONCELLO	
A.- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	457.507,10				457.507,10.-
	Achega 2021 (Excep.Base 2.1)	-----				0,00.-
B.- INVESTIMENTOS	Achega 2022	-----				0,00.-
	Achega 2021	325.946,92			27.500,09	353.447,01.-
B.- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	-----				0,00.-
	Achega 2022	457.507,10				457.507,10.-
	Achega 2021	325.946,92			27.500,09	353.447,01.-
	Préstamo 2022	-----				0,00.-
	TOTAL	783.454,02			27.500,09.-	810.954,11.-

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total da achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuación de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se non hai actuación de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se enche a columna B por actuacións de abastecemento) (C = A-B)
Renovación de redes e pavimentación das rúas Fraternidade e Amistade	175.257,86	-----	175.257,86.-
Adaptación de pérgola na Biblioteca Rialeda	133.500,47	-----	133.500,47.-
Acondicionamento da Rúa Subiña e acceso ó novo campo de fútbol	418.635,05	-----	418.635,05.-
Reparación do peche exterior no Parque José Martí	158.663,19	-----	158.663,19.-
TOTAIS	886.056,57	-----	886.056,57.-



CONCELLO DE
OLEIROS

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+ 2022 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 3.- Adopción de acordo en orde á participación do Concello de Oleiros no POS+ADICIONAL 1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, que será xestionado pola Sección de Servizos Sociais da Deputación Provincial

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando a proposta presentada e que tamén contou co voto favorable unánime por parte dos grupos políticos asistentes no ditame da comisión informativa celebrada o pasado venres 21 de xaneiro.

A proposta tradúcese en acordar a participación deste concello no Plan Provincial de Cooperación POS+ Adicional 1/2022, da Deputación da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, solicitando tamén a aplicación da achega provincial asignada ós gastos sociais dentro das partidas propostas pola institución provincial.

Así o Departamento de Servizos Sociais propón acollermos ó apartado de “reforzo, ampliación de persoal técnico e/ou administrativo coa fin de apoiar ás equipas actuais”, por un importe de 85.000 € e á “ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social”, por un importe de 75.127,48 €, o que fai un total de achega por parte da Deputación provincial de 160.127,48 €.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que non pon en dúbida a profesionalidade do persoal adscrito ó Departamento de Servizos Sociais, nin tampouco o seu número agora ben, sendo Oleiros un dos concellos que menos inviste en servizos sociais da área metropolitana da Coruña, cando moitas familias están a sufrir as consecuencias desta crise causada pola pandemia, houbesen preferido que os 85.000 € que se solicitan á institución provincial para reforzo do persoal existente, se dedicasen a satisfacer outras necesidades básicas da veciñanza. En todo caso, entenden que este investimento vai mellorar a prestación do servizo á cidadanía, polo que votarán favorablemente.



CONCELLO DE OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, anunciando evidentemente o seu voto favorable porque levan moito tempo denunciando o escaso gasto social que realiza este concello, estando á cola dos municipios de Galicia e a nivel provincial, moi alonxado das medias dos concellos máis representativos e aínda que non lles prece suficiente, insiste en que votarán a favor.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, salientando que están a favor do labor que están a realizar tanto o concello coma a deputación provincial neste eido, polo que votarán favorablemente.

Anuncia o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, o seu voto favorable e quere aproveitar a ocasión xa que se fala dos servizos sociais, que se alegran moito da reapertura da Casa Etcheverry, como centro de apoio a este departamento municipal que, sumado á Torre Bescansa e ós propios servizos centrais, permite que a veciñanza de Oleiros teña máis puntos de acceso ós mesmos.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta, que se ditaminou na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 21 de xaneiro de 2022, da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022

160,127,48 €

Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios

160,127,48 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN GASTOS 2022	ESTIMACIÓN INGRESOS PÚBLICO OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a			



CONCELLO DE
OLEIROS

atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	85.000,00 €	0,00 €	85.000,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	75.127,48 €	0,00 €	75.127,48 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.	0,00 €	0,00 €	0,00 €



CONCELLO DE
OLEIROS

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	0,00 €	0,00 €	0,00 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	160,127,48 €	0,00 €	160,127,48 €

Segundo.- Facultar expresamente á alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Punto 4.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2021005601 ao nº 2021006277 e do 2022000001 ata o nº 2022000175 (incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2021005601 ata o nº 2021006277 e desde o 2022000001 ata o nº 2022000175 (estes incluídos).

Punto 5.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Sinala o alcalde, D. **Ángel García**, que hai unha moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, en contra da penalización do aborto en El Salvador, da que vai dar lectura a concelleira delegada de cooperación, D^a Margarita Figueroa.

5.1.- Moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” instando ás autoridades da República de El Salvador a dar cumprimento á sentenza do Tribunal Interamericano de Derechos Humanos de 2 de novembro de 2021

Da orde do alcalde, procede a expoñer a moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **Margarita Figueroa**, dando lectura ó texto da moción que se transcribe na parte dispositiva do acordo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda* tratar a moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”.

Inicia a quenda de intervencións o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, indicando que esta historia de Manuela parécelle unha historia moi dramática pero desde o seu grupo non poden valoralo pola falla de información sobre o caso. Entende que non sería xusto facer xuízos en base á información contida na moción e o que informan medios dixitais que por certo, son moi dispares segundo de que medio se trate.

Unha cousa si que está clara, a sentenza ditada polo Tribunal Interamericano de Dereitos Humanos na que se resolve que por parte da República de El Salvador vulneráronse os dereitos básicos desta muller e doutras e neste senso o Partido Popular vai estar sempre a prol de cumprir a lei e neste caso en concreto tal e como se expuxo e tendo en conta como antes sinalou, as informacións variadas existentes sobre o caso, vanse abster.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, manifestando que lle parece mentira que no século da tecnoloxía e da información aínda existan países no mundo onde os seus gobernantes se empeñen en volver á idade media, como é o caso que se está a expoñer aquí nesta sesión plenaria.

O BNG indudablemente está totalmente en contra de calquera actuación que supoña unha vulneración dos dereitos humanos e da muller como é este caso, na que non hai dúbida de ningún tipo para este caso de aí a sentenza, por iso van apoiar a moción como non podería ser doutro caso.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, dicindo que probablemente o que se poida opinar aquí en Oleiros en canto a este caso sexa anecdótico, pero non se pode esquecer que desgraciadamente existen moitas Manuelas no mundo e de aí o seu apoio para elas e para a moción presentada.

Votación da moción

Ó non se producir máis debate, da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, producíndose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **catro (04) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular”).



En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *aproba* a moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños” que se transcribe:

“Exposición de Motivos:

A penalización absoluta do aborto na República de El Salvador, sen excepcións, provoca situacións non só contrarias aos dereitos reprodutivos e á liberdade das mulleres senón mesmo de abuso na persecución penal da que non se libran nin sequera moitas mulleres que sofren abortos espontáneos. A dureza con que se castigan moitos destes abortos, baixo a cualificación de homicidios agravados, fai que moitas das mulleres que pasan por este trance reciban condenas de prisión de entre 30 e 50 anos, penas practicamente inéditas no dereito comparado.

Estes extremos, entre outros, foron postos de manifesto na sentenza do pasado día 2 de novembro do Tribunal Interamericano dos Dereitos Humanos no que titula como “Caso Manuela y otros frente a El Salvador”. A sentenza relata como Manuela, unha muller sen recursos e analfabeta dunha zona rural do país que padecía dun linfoma de Hodgkins non diagnosticado, que ingresou o 27 de febreiro de 2008 no hospital por unha urxencia obstétrica, despois de perder o fillo que estaba xestando, foi denunciada pola médica que a atendeu por un posible aborto; Manuela, foi detida no mesmo hospital e ingresada en prisión.

Posteriormente foi enxuzada e condenada a 30 anos de prisión. Finalmente Manuela faleceu o 30 de abril de 2010 despois de permanecer algo máis de dous anos en prisión durante os que non recibiu sequera, segundo a sentenza do tribunal internacional, os coidados médicos que lle foran prescritos para frear o seu carcinoma linfático. Así na citada sentenza se relata como non só non foi debidamente atendida cando acudiu a urxencias e que non foi sometida a exame médico ningún nin na súa detención nin no ingreso en prisión senón que tampouco *“consta que se le haya realizado algún examen médico a Manuela entre marzo de 2008 y febrero de 2009, pese a los bultos que tenía en el cuello, y a que entre noviembre de 2008 y febrero de 2009 Manuela perdió más de 13 kgr. de peso y padeció de fiebre alta e ictericia.*

Adicionalmente, la Corte consideró que el tratamiento brindado por el Estado para el linfoma de Hodgkin con esclerosis nodular diagnosticado a Manuela en el 2009 fue irregular. En particular, se observa que: 1º) no fue llevada a la cita para recibir quimioterapia pautada para el 2 de abril de 2009 sino hasta el 22 de abril, y en ese tiempo aumentó su tumoración; 2º) en enero de 2010 se desfasó un mes el tratamiento, y 3º) tras recibir quimioterapia el 6 de noviembre de 2009 y el 14 de enero de 2010, no fue llevada a los controles posteriores”.

O caso de “Manuela” non é un caso único na xurisprudencia recente da República de El Salvador. A propia sentenza de referencia afirma: *“La Corte advirtió que la mayoría de las mujeres procesadas por estos hechos tienen escasos o nulos ingresos económicos, provienen de zonas rurales o urbanas marginales y tienen baja escolaridad. Además, es frecuente que las denuncias sean presentadas por el personal médico de la institución de salud donde estaba siendo atendida la mujer”.* Unha denuncia que veñen reiterando as organizacións de dereitos humanos daquel país.

Á vista de todos os feitos descritos a sentenza considera que El Salvador conculcou os dereitos fundamentais contidos ata en 5 artigos da Convención Americana (Dereitos á liberdade persoal e a presunción de inocencia; Dereito ás garantías xudiciais, a integridade persoal e a igualdade diante da lei; Dereitos á vida, a integridade persoal e á vida privada; e o Dereito á integridade persoal dos familiares.

Por todo iso o Tribunal Interamericano de Derechos Humanos condenou o Estado de El Salvador a:

- A publicación da sentenza e o seu resumen oficial.
- Realizar un acto público de recoñecemento de responsabilidade internacional
- Outorgar becas de estudo ao fillo menor y ao fillo maior de Manuela.
- Brindar gratuitamente, e de forma inmediata, oportuna, adecuada e efectiva, tratamento médico, psicolóxico e psiquiátrico aos pais de Manuela.
- Regular a obriga de manter o secreto profesional médico e a confidencialidade da historia clínica.
- Desenvolver un protocolo de actuación para a atención de mulleres que requiran atención médica de urxencia por emerxencias obstétricas;
- Adecuar a súa regulación relativa á prisión preventiva.
- Diseñar e implementar un curso de capacitación e sensibilización a funcionarios xudiciais e ao persoal de saúde.



CONCELLO DE
OLEIROS

- Adecuar a súa regulación relativa á dosimetría da pena de infanticidio.
- Diseñar e implementar un programa de educación sexual e reprodutiva.
- Tomar as medidas necesarias para garantir a atención integral en casos de emerxencias obstétricas;
- Pagar indemnizacións por concepto de dano material e inmaterial.

Por todo o exposto o goberno municipal de Alternativa dos Veciños propón ao pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Mostrar a súa solidariedade coas mulleres que sofren en El Salvador situacións análogas a aquelas que condena a CIDH na súa sentenza de 2 de novembro de 2021

Segundo.- Instar ao goberno de España a que conmine ás autoridades salvadoreñas a aplicar os extremos da sentenza que implican cambios normativos e estruturais para adecuarse as esixencias do Convenio Americano de Dereitos.

Terceiro.- Instar as autoridades salvadoreñas e nomeadamente, ó Presidente da República, Nayb Bukele, a adoptar as medidas precisas para dar o máximo cumprimento á sentenza da Corte Interamericana de Derechos Humanos.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo a Embaixador da República de El Salvador en España e á Secretaría de Estado para Iberoamérica y el Caribe y el Español en el Mundo, do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación do Goberno de España.”

5.2.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” sobre reparto de espazos para grupos políticos na emisora municipal “Radio Oleiros”

Expón o moción o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“1.- O art. 203 da Constitución Española establece que a lei regulará a organización e o control parlamentario dos medios de comunicación social dependentes do Estado ou de calquera ente público e garantirá o acceso a ditos medios dos grupos sociais e políticos significativos respectando o pluralismo da sociedade e das diversas linguas de España.

2.- O art. 11 da Carta dos Dereitos Humanos da Unión Europea establece a liberdade de expresión e de información e o respecto á liberdade dos medios de comunicación e o seu pluralismo.

3.- A Lei 7/2010, de 31 de marzo, Xeral da Comunicación Audiovisual establece no seu art. 4 que “todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha pluralidade de medios tanto públicos comerciais coma comunitarios que reflectan o pluralismo ideolóxico político e cultural da sociedade. Ademais, todas as persoas teñen o dereito a que a comunicación audiovisual se preste a través dunha diversidade de fontes e de contidos e á existencia de diferentes ámbitos de cobertura acordes coa organización territorial do Estado. Esta prestación plural debe asegurar unha comunicación audiovisual cuxa programación engada distintos xéneros e atenda ós diversos intereses da sociedade, especialmente cando se realice a través de prestadores de titularidade pública.

4.- A Lei 6/1999, de 1 de setembro, do Audiovisual de Galicia, no seu art. 4. Principios xerais da actividade audiovisual, establece que as actividades contempladas na presente lei basearanse nos seguintes principios c) o respecto ó pluralismo político, relixioso, social e cultural.

5.- A Sentenza do Tribunal Constitucional 6/1981, de 16 de marzo, establece a exixencia de respecto ó pluralismo social e político no acceso a estes medios, coa consecuencia de que existente o medio de titularidade pública e



CONCELLO DE
OLEIROS

reglado o seu modo de utilización, haberá de recoñecerse ós grupos sociais e políticos “significativos” ós que alude o precepto constitucional o dereito, cando menos, a que non se lles impida dito acceso. “Este dereito de acceso, noutras palabras, será en cada caso artellado polo lexislador, pero nin éste queda libre de todo límite constitucional en dita configuración, nin a eventual vulneración das súas determinacións polos aplicadores do dereito poderá dicirse constitucionalmente irrelevante na orde ó exercicio eficaz das liberdades consagradas no art. 20, pois estas liberdades haberán de realizarse a través destes medios, do modo que quere a Constitución no apartado 3 do mesmo precepto, de tal modo que a denegación discriminatoria ou arbitraria por carente de fundamento legal, do acceso que a lei faga posible, entrañará o conseguente menoscabo do dereito do grupo así afectado -de quen o seu través pretendan difundir as propias ideas e opinións- á liberdade que a Constitución garante (art. 120.1.a) (STC 63/1987, de 20 de maio).

6.- A Radio Municipal de Oleiros, que vostede dirixe, a falla do correspondente órgano de dirección e control legalmente necesario, incumpre de forma flagrante o necesario pluralismo político nun medio público, pois se veta a participación ó resto de grupos municipais, só lle da voz a vostede (alcalde) e ó seu grupo. Emítense varias entrevistas semanais ó alcalde, nas que non só informa senón que tamén critica ó resto de grupos e difunde a súa ideoloxía e ideas. Non se emiten entrevistas ós voceiros dos grupos da oposición, agás en períodos electorais. Así mesmo, o concello paga varias entrevistas semanais ó alcalde en emisoras comerciais, sen tampouco dar voz nelas ós grupos da oposición.

7.- Na revista municipal “Vivir en Oleiros” ademais dos pequenos espazos reservados a Alternativa dos Veciños e ó resto de grupos, engádese unha longa editorial ó servizo das ideas do alcalde, sen dar espazo editorial ó resto de grupos,

Por isto, exige ó alcalde de Oleiros,

1º.- Que se asigne ó grupo municipal “Popular” a emisión de entrevistas semanais en Radio Oleiros, dunha duración de 0,307% da duración das emitidas ó alcalde. Así mesmo, se lles deberá asignar un espazo proporcional nas entrevistas pagadas polo concello en emisoras de radio comerciais.

2º.- Que na revista “Vivir en Oleiros” se publique unha editorial radactada polo grupo “Popular” dunha extensión do 0,307% das redactadas polo grupo de goberno.

Caso de non atenderse en breve prazo estas exixencias, exercerán as accións legais correspondentes para que nos medios de comunicación público de Oleiros se respecte o pluralismo políticos e non estean ó servizo exclusivo do alcalde.”

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).



CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo “Popular”.

Da orde do alcalde intervén a voceira do goberno municipal, D^a **M^a José Varela**, sinalando que o goberno municipal vota favorablemente a urxencia para poder debater o asunto e dar resposta ó escrito presentado polo grupo “Popular”, que sen nengunha dúbida é un rogo e non unha moción, dado que é o mesmo texto que un escrito presentado polo Partido Popular o pasado 23 de decembro do ano pasado, fundamentado nos mesmos aspectos, pero no que pedía participación para o seu grupo na emisora municipal, non así no escrito presentado hoxe, no que se pide a participación de tódolos grupos políticos da oposición na emisora “Radio Oleiros”.

O escrito aludido foi contestado o día 30 de decembro, aínda que finalmente non se chegou a trasladar ó voceiro do grupo “Popular” debido a un erro entre os funcionarios encargados, dado que ese mesmo 30 de decembro un marchaba de días libres por mor do Nadal e o outro chegaba deses mesmos días libres o luns 2 de xaneiro, non chegándose a materializar o traslado porque o que regresaba archivouno pensando que xa se comunicara e, de feito, pódese constatar na data que figura na sinatura electrónica, 30 de decembro.

Nesta constatación, entre outras consideracións que tamén son asimilables ó escrito que hoxe presentan hoxe, sinálase que... *“con independencia da conclusión que fai no seu escrito o grupo “Popular”, da que segundo ela a radio municipal de Oleiros incumple co necesario pluralismo político, nun medio público porque veta a súa participación ao resto de grupos municipais, dando voz ao alcalde e ao goberno, e para a que xustifica esa afirmación nunha serie de referencias normativas, cómpre precisar a cuestión e deixar por sentado que non existe resolución xudicial da que se poida deducir tal conclusión, non sendo a radio municipal de Oleiros, nin ningún dos medios de comunicación institucional do Concello, obxecto de declaración de incumprimento do respecto ao pluralismo político, relixioso, social ou cultural. Deste xeito, a manifestación que fai o voceiro do grupo político asinante do escrito que nos ocupa é unha formulación dunha opinión, dun presunto incumprimento que existe ao seu xuízo, exclusivamente ese valor, respectable en todo caso.*

O escrito presentado parte unha confusión entre as funcións dos distintos grupos municipais e as do goberno que corresponden al alcalde, como representante institucional do Concello e responsable, polo tanto, da información municipal. A confusión é tal, que ata na petición que fai solicita que se asigne a un grupo político municipal unha porcentaxe do tempo que os medios de comunicación públicos ou radios comerciais, sufragadas polo Concello, lle outorgan non a outro grupo político, senón ao mesmo alcalde. Certamente é sabido que non son a mesma cousa. Debera saber tamén, que no caso de intervencións en radios comerciais da persoa do presidente do grupo Alternativa dos Veciños en calidade de tal, esas intervencións son sufragadas polo partido, cos medios que obtén da asignación que para o exercicio da súa función política pode recibir de varias administracións nas que ten representación, ao igual que as recibe o partido que representa o asinante do escrito.



CONCELLO DE
OLEIROS

En consecuencia, nada teñen que ver as intervencións nos medios que vostede sinala do alcalde en calidade de tal, ou calquera representante do goberno municipal, para trasladar información municipal, coas que poden realizar os grupos políticos, que normalmente de producírense serán nos espazos gratuítos de propaganda electoral, nos períodos que corresponden, e quen o seu escrito mesmo recoñece que se lles faculta. O alcalde ten a obriga de facilitar información sobre das actividades municipais, consagrada en diversos apartados do art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, así como para o cumprimento dos principios de publicidade activa que lle corresponden tamén ás administracións locais, consonte ao art. 5 da Lei 19/20'13, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Os medios de comunicación públicos serven por tanto para con esas fins institucionais e non partidarios."

Remata a intervención, solicitando disculpas por non ter comunicado en tempo o escrito como xa explicou e como se trata dun rogo, entende que xa está contestado e faille entrega ó voceiro do grupo "Popular" do mesmo.

Intervén o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, sinalando que lle parece increíble que estando a contestación feita desde o día 30 de decembro se lle comunique hoxe ó Partido Popular, ademais que descoñecen os termos do escrito presentado....

Contéstalle o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que xa se explicou o por qué non se lle deu trasaldo e como se trata dun rogo, non cabe debate, preguntándolle de seguido ó voceiro do grupo "Socialista" se ten algunha moción para tratar.

5.3.- Moción presentada polo grupo municipal "Socialista" instando ó goberno municipal á elaboración dunha proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 do Concello de Oleiros co obxecto de inclusión dunha bonificación do 95% sobre a cota íntegra do imposto

Da orde do alcalde expón a moción o voceiro do grupo "Socialista", D. **Jorge Pérez**, dando lectura ó seu texto que se transcribe:

"O imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, comunmente coñecido como "plusvalía municipal" é un imposto directo, de xestión e recadación municipal e de carácter potestativo, tal e como dincian os arts. 104 e ss da Lei de Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo).

Este imposto, que grava as transmisións intervivos e mortis causa dos terreos cualificados como urbanos, supón para moitos veciños un custo moi notable e gravoso, especialmente cando se refire a transmisións mortis causa o vía sucesión, nas cales os herdeiros ou legatarios deben facer fronte a unha contiosa carga tributaria que moitos non dudaron en cualificar como inxusta, e que se engade á desgraza que supón a perda dun ser querido.

Ó se tratar dun imposto de carácter potestativo, é dicir, de voluntaria aplicación por parte de cada concello, existen difenzas moi notables entre as cargas tributarias que soportan os veciños pola transmisión dos seus inmobles en función do concello no que residan e segundo datos recentes, só un de cada tres o aplican.



CONCELLO DE
OLEIROS

Nas sesións plenarias dedicadas ó debate dos orzamentos dese exercicio, o alcalde pronunciouse ó menos en dúas ocasións, sobre la inxustiza da aplicación deste tributo, ó mesno nas transmisións mortis causa ou vía sucesión.

Así, o pasado pleno extraordinario celebrado o pasado día 4 de novembro, o alcalde afirmaba textualmente que “a plusvalía ten dúas vertentes, por unha banda se hai un lucro desde a compra á venda, é lóxico que se pague a plusvalía, pero cando un pai que dá un terreo ó seu fillo teña que pagar esa plusvalía cando seguramente xa a pagou cando a comprou, nas herdanzas non debería cobrarse ese imposto porque parécenme unha inmoralidade.”

Sen embargo e pese á inmoralidade que ó alcalde lle supón este imposto na súa modalidade mortis causa, éste se ven mantendo vixente desde o ano 2003, a pesares de que as ordenanzas reguladoras foron modificadas en tres ocasións noutros aspectos.

Como desde o grupo municipal “Socialista” confiamos na boa fé do alcalde e achacamos esta paradoxa, non á hipocresía, senon ó descoñecemento, bríndanse a través deste escrito a axudarlle a cumprir cos seus desexos e moralidade, informándolle de que é técnica e xurídicamente viable a modificación das ordenanzas municipais para aplicar unha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto, en transmisións a título lucrativo de terreos realizados por motivo de morte a prol dos descendentes e adoptados, así como os cónxuxes e os ascendentes e adoptantes, segundo o establecido no art. 108.4 da propia Lei de Facendas Locais.

A inclusión desta bonificación na correspondente ordenanza suporá practicamente a eliminación da modalidade mortis causa deste imposto e axudará a mellorar a moralidade do mesmo, polo que entenden que o voto do seu grupo, asícomo o de todos os desta corporación, será favorable.

Por todo o exposto e pos da moralidade e equidade e a xustiza tributaria para os nosos veciños, instamos ó pleno da corporación a que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO E ÚNICO.- Que se proceda por parte do goberno local, coa debida dilixencia e permura á elaboración dunha proposta de modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 do Concello de Oleiros, para incluír na mesma unha bonificación do 95% sobre o cota íntegra do imposto, segundo o disposto no art. 108.4 da Lei de Facendas Locais, e a que a mesma sexa incluída na orde do día do pleno ordinario nun espazo de tempo non superior a dous meses.”

Votación da urxencia

Sen máis e da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”, producíndose o resultado da unanimidade dos asistentes a esta sesión, é dicir, **vinte (20) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, anunciando o voto a favor do seu grupo e sinalando que normalmente non están de acordo co dito polo alcalde, pero como son as súas verbas e están de acordo, votarán favorablemente.

Aclara o alcalde, D. **Ángel García**, que aínda non falou como para que digan que están de acordo con él e quen presenta a moción é o grupo “Socialista” polo que estarán de acordo con eles, en todo caso.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, sinalando que están tamén a favor de que se modifique a Ordenanza.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que cre que é de sentido común, polo tanto vai apoiar a moción presentada.

Intervén a voceira do goberno municipal e concelleira delegada de Facenda, D^a **M^a José Varela**, explicando que a normativa sobre as plusvalías cambiou e que existe unha moratoria de seis meses para modificar as ordenanzas fiscais municipais que regulan este imposto.

A Ordenanza Fiscal nº 13 do Concello de Oleiros vixente xa recolle unha bonificación do 50% da cota deste imposto nas transmisións de terreos e na transmisión e constitución de dereitos reais por causa de morte a prol dos descendentes e adoptados de primeiro grao, os cónxuxes e os ascendentes adoptantes de primeiro grao, cando o ben do dereito fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto e polo menos durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadronamento.

Aos efectos do disfrute da bonificación, equipararanse ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante con análoga relación de afectividade e acredite en tal sentido, en virtude de certificado expedido ao efecto da súa inscrición no Rexistro de Unións de Feito.

O goberno municipal de Oleiros é responsable, o que non é hipócrita, iso téñano por seguro e o que non van facer é caer na demagogia, porque é moi doado falar de baixar impostos cando os servizos que se presentan á veciñanza páganse e fináncianse con cargo os impostos e disto debe saber o grupo municipal “Socialista”, porque no goberno do Estado non están polo labor de baixar impostos, por moito que cada día estea o Partido Popular solicitándollo.

Outra cousa, é que unha vez que haxa que modificar a ordenanza, se pense na posibilidade de aplicar maiores medidas sociais, polo que non é un non rotundo á proposta presentada hoxe polo PSOE senón que se estudiará para un futuro non moi lonxano, pero haberá que ver cal pode ser a repercusión a nivel orzamentario, porque o goberno municipal o que ten que velar é pola prestación dos servizos xestionando ben a economía municipal.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando que o que remata de falar a concelleira de Facenda é sobre a aplicación dunha bonificación do 50% que única e exclusivamente se aplica á vivenda habitual do causante ou finado, pero non foi o que dixo o alcalde en dúas ocasións no debate de aprobación do orzamento, dado que dixo literalmente que lle parecía unha inmoralidade e quere entender que o dixera tendo en conta a



CONCELLO DE
OLEIROS

posible repercusión desta afirmación nas contas municipais, ou o que lle está querendo dicir é que realiza esas manifestacións sen telo en conta, porque entón sería unha irresponsabilidade e de aí que non saia do seu asombro.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que as leis non as aproban os concellos, senón que as aproban os parlamentos do Estado ou da CCAA respectiva, de feito, neste caso a Xunta de Galicia aprobou eliminar o pago do imposto polas herdanzas, que aplaude, polo que insiste en que son esas instancias as que teñen que tomar esas decisións e agora mesmo, o Estado é o que ten intención de revisalo polo que o concello estará ó que se aprobe para a súa aplicación.

Engade a concelleira delegada de Facenda, Sra. **Varela**, que é certo que a Xunta de Galicia eliminou o pago dese imposto sempre e cando non se supere unha cantidade e sempre que sexan familiares directos.

Segue coa súa intervención o alcalde, Sr. **García**, sinalando que os valores catastrais en Galicia, agás nas cidades, están moi por debaixo dos 400.000 € porque podes ter moito terreo no rural e non ter practicamente valor, non así nas cidades que existen casos de herdeiros que teñen que renunciar á herdanza, cre que máis de mil casos durante o exercicio pasado, que non poden herdar por non poder facer fronte ós impostos.

Votación da moción

Ó non se producir máis debate, da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”, producíndose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) e **doce (12) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

*** rogos e preguntas**

Antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, solicita a palabra e intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que como o escrito presentado non se considerou moción, gustaríalle solicitar que pola secretaria municipal se lles pase un escrito ós grupos políticos que se considera moción porque, segundo ten entendido trátase dunha proposta ou resolución que se presenta ó pleno para a súa votación e aprobación, no seu caso, tendo que contar cunha exposición de motivos e unha resolución e cre que quizáis teña máis carácter de moción a que presentou o seu grupo que a tratada e aprobada polo goberno municipal porque, polo menos, a súa é un asunto municipal.

En segundo lugar, segundo vostedes non se respostou o escrito debido a un lamentable erro pero igual que noutras ocasións chámalo por teléfono tamén no intre de darse conta deste erro podían chamarlle e comentar o que aconteceu e, de seguido, pasarlle o escrito que unha vez recibido hoxe lerano con detemento e responderán, se é o caso e polo que entendeu despois do lido pola voceira do goberno municipal, parece que as intervencións do



CONCELLO DE
OLEIROS

alcalde nas diferentes emisoras de radio as paga o seu partido, terano que ver, pero ten que salientar que hoxe aquí neste plenario aprobouse unha moción que denunciaba unha vulneración dos dereitos humanos e o seu grupo presenta unha moción porque se vulneran os seus dereitos para uso de medios públicos onde se debaten sobre grupos políticos que pertencen a esta corporación e onde non teñen dereito nin a debater, nin responder, polo que insiste en que se están a privar dos seus dereitos de información e participación, e é o que piden porque a emisora municipal “Radio Oleiros” está pagada por tódolos oleirenses e solicitan poder intervir tamén nela o resto dos grupos políticos municipais.

Responde a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que independentemente do erro, do que xa sinalou o acontecido, detectárono hoxe de aí que considerou darllo neste mesmo intre por escrito nesta sesión.

En segundo lugar, dicir que a moción que presenta o goberno municipal trata sobre unha un asunto de interese internacional e certo é que supera o ámbito municipal, aínda que é un asunto plenario por contra, o escrito presentado polo grupo municipal “Popular” non é de competencia plenaria, dado que a dirección e xestión da emisora municipal “Radio Oleiros” é de competencia do alcalde, quen dirixe ese servizo, de aí a consideración de rogo ó alcalde.

5.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre medidas a adoptar contra a praga da procesionaria en varias zonas municipais

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando:

“ROGAMOS se tomen as medidas oportunas para atallar a praga de procesionaria que inunda as zonas de Beiramar, Sta. Cristina, Bastiagueiro; en concreto, no apardoiro mesmo de Bastiagueiro varias persoas víronse afectadas, ó igual que no Parque Das 13 Rosas; todas estas zonas son moi transitadas por paseantes.”

5.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre limpeza da senda peonil que vai desde A Cova ás Torres

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, sinalando:

“ROGAN que se proceda á limpeza da senda peonil que vai desde A Cova ata As Torres.”

5.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre retirada de asfalto das arquetas de pluviais na Rúa da Barreira

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, sinalando:

“ROGAN que se retire o asfalto existente nas arquetas de pluviais na Rúa da Barreira, Perillo.”

5.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre instalación de balado de protección nas escaleiras sitas en Beiramar e de reposición de balado en O Seixo

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“Volven rogar que se instale un balado de protección nas escaleiras que baixan á Ría na zona de Beiramar. A altura é duns dous metros e estas escaleiras son moi transitadas por nenos e pode haber algún accidente.

Ó mesmo tempo, rogan que se volva repoñer o balado de O Seixo porque por moito que se empeñen, as silvas non son unha boa barreira de protección.”

5.8.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre petición da acreditación de vacinación do alcalde ante o pleno municipal



CONCELLO DE
OLEIROS

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando:

“Segundo os estudos científicos sobre a COVID-19, demostran que se tódalas persoas que se negan a vacinarse o fixera o 78% da ocupación das UCIs descendería, polo que queda demostrado que a vacinación contra o coronavirus prevén a propagación da enfermidade e atenúa os síntomas da COVID.

Sr. alcalde, sendo vostede o máximo responsable deste concello e debido a súa intensidade pública, o Partido Popular de Oleiros RÓGALLE que acredite o seu certificado de vacinación, con pauta completa, ante este pleno.”

5.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre arranxo da Rúa do Mar

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

“Acreditaron que na Rúa do Mar, desde Breixo a Sta. Cruz, presentada desde hai tempo un estado lamentable con fochancas e pel de cocodrilo no seu asfaltado, polo que ROGAN que se realicen as xestións para que se proceda ó seu arranxo na maior brevidade posible.”

5.10.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre turbidez na subministración de auga potable a domicilio

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

“Chegáronlles varias queixas sobre a turbidez da auga potable que se prolongou varios días e varias horas, polo que queren ROGAR que se dopten as medias pertinentes para que isto non volva acontecer e que se asegure a subministración dun servizo de auga salubre.”

5.11.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre arranxo do parque sito na Rúa dos Meniños

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, sinalando:

“Insistir en ROGOS anteriores para que se acondicione o parque está situado na Rúa dos Meniños, en Montrove, dado que precisa arranxos de varios tipos e que xa comentaron anteriormente.”

5.12.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre arranxo da pasarela que conduce ó Castelo de Sta. Cruz

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, sinalando:

“ROGAN tamén que pasen a revisar a pasarela que conduce ó Castelo de Sta. Cruz, dado que segundo lles informan existen táboas en mal estado, soltas e que poden chegar a ser perigosas.”

5.13.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre habilitación de acceso a internet na Casa do Pobo de Iñás

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Xurxo Martínez**, sinalando:

“ROGAN que se habilite un espazo con conexión a internet ou una sala de informática na Casa do Pobo de Iñás para que os rapaces poidan ir alí a facer os seus traballos da escola ou estudar.”

5.14.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre instalación no parque da Urbanización As Viñas de bancos

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Na zona axardinada ou parque existente na Urbanización As Viñas deicada a Lolito, veciño de Perillo e fundador dos Satélites e ó inesquecible Pucho Boedo, que os que teñen certa idade tiveron a oportunidade de coñecer, ROGA se proceda á instalación duns bancos porque é unha zona ampla con vistas á ría e non estaría mal que se puxesen dous ou tres bancos na zona.”

5.15.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre reposición de farol no Parque José Couso

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“No parque José Couso, un dos farois está derrubado por unha acción vandálica, polo que ROGA que se repoña.”

5.16.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre reposición de farol no Parque José Couso

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

“Na Rúa Helios, na Urbanización Icaria, xusto a carón do campo de fútbol do Montrove, o firme está moi deteriorado e aínda que neste intre se estean a executar unhas obras no alumeado, o que é o firme conta con moitas fochancas e non está para nada en consonancia co resto de Rúas da urbanización, polo que ROGA que se proceda o seu arranxo.”

5.17.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre obras de mellora de visibilidade na parte esquerda da saída da urbanización

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Na Urbanización Rialta, de Arillo, que é unha urbanización moi poboada, cando se sae da mesma e se torce á esquerda, non existe visibilidade porque na parcela que está en fronte conta cun montículo e tamén existen un serie de sinais de dirección co que dificulta enormemente a visibilidade, como dixo, e aínda que existe un espello, nos días de choiva e xeralmente está sucio polo que os veciños ROGAN que se alise o montículo e se cambiñ de ubicación os sinais.”

5.18.- Rogo do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre elevación de paso de peóns na Rúa Aguiá

Expón o rogo o voceiro do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando:

“Na mesma urbanización Rialta existen varios pasos de peóns elevados, agás un que é o que está situado na Rúa Aguiá, á altura do número 19-21, e os veciños alegan que é unha zona que se pode coller velocidade ó non estar o paso elevado supondo así un perigo para os peóns, polo que ROGA que se arranxe.”

5.19.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre destino da axuda municipal ós afectados polo volcán de La Palma

Formula a pregunta a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando:

“¿Coñécese xa o destino ó que vai ser dedicada a axuda municipal ós afectados polo volcán de La Palma? Eran uns 10.000 € e gustaríalles saber a que proxecto se van adicar.”

5.20.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre obras na pista de patinaxe de velocidade de

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando:

“Teñen coñecemento de que en días pasados realizaron obras na pista de patinaxe de velocidade sita en Bastiagueiro ¿Tras este arranxo xa se poden disputar competicións oficiais? Porque consultado o equipo local, A Rabadeira, comentáronlles que o arranxo aínda non está rematado e que a día de hoxe non se poden programar competicións oficiais.”

5.21.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre realización dun plan integral de rehabilitación de Sta. Cristina

Formula a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, manifestando:

“Recentemente se anunciaron a realización pola Deputación provincial de obras importantes na Avda. de Sta. Cristina e o concello tamén se comprometeu á realización de obras nas rúas que están ó seu carón.

O seu grupo entende que se está no intre oportuno para a realización dun plan integral de rehabilitación deste entorno emblemático municipal e darlle unha nova vida, de aí que lles gustaría saber ¿Ténse prevista a realización dun plan integral de recuperación comercial e residencial de Sta. Cristina?; ¿Qué usos se lles vai dar ós baixos e locais baleiros? En definitiva ¿Qué medidas se van adoptar desde o concello para facilitar un novo uso a estes espazos tal e como se fixo noutras zonas do concello.”

5.22.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre aparición de pintadas se roubos en diferentes urbanizacións municipais

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando:

“Teñen coñecemento de que seguen a proliferar os actos vandálicos e roubos no concello. Recentemente, se han producido roubos en diferentes urbanizacións por banda de rumanos, además da aparición de diferentes pintadas en espazos municipais é polo que lles preguntan ¿Está localizado algún dos infractores?; ¿Está prevista algunha actuación ó respecto?; ¿Qué medidas se adoptarán, ademais das sancións de tipo económico?.”



CONCELLO DE
OLEIROS

5.23.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre unha posible tala de árbores na finca sita na Urbanización O Paraíso

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José A. Bonome**, manifestando:

“Recentemente puideron observar a colocación dos balados que curtan o paseo á altura da Urbanización O Paraíso por iso pregunta ¿Van a ser talados as árbores existentes nesa finca de dita urbanización e na de Beiramar? De ser así ¿Con qué fin? Se é para urbanizar ou para executar unha rúa.”

5.24.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre apagóns de luz en diferentes zonas do concello

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando:

“Leva preguntando máis de seis anos o mesmo respecto ós apagóns que se producen, debe ser a oita vez. O venres pasado foi a última vez que se produciron constantemente en Mera, na Rúa Doctor Fleming, Pinar del Río e aledaños.

O alcalde remata de contestar nesta mesma sesión que se vai destinar como un millón de euros en solucionar estes problemas que, insiste, van xa para seis anos que se veñen producindo e nunca o alcalde lle deu unha contestación satisfactoria sobre este tema, sempre alegaba que se estaban reparando, etc., etc

Como os apagóns seguen a producirse ¿Cando pode garantir que se lle vai dar solución a isto e van deixar de producirse?.”

5.25.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre a pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando:

“Neste tema coinciden un pouco co preguntado polo grupo “Popular” respecto á pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro.

¿Está xa lista para acoller competicións oficiais, tal e como se propuxo no seu intre?.”

5.26.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre as obras do SUD-1 en Cividanes

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando:

“Esta pregunta tamén é reiterativa neste pleno e está relacionada co SUD-1 de Mera, Cividanes.

¿Canto retraso leva xa? Tralo modificado aprobado de máis de 300.000 € aprobado este verán, as obras seguen a estar paradas, cada vez que pasa por alí non ve actividade ningunha ¿Para cando se ten previsto o seu remate?.”

5.27.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre persoamento en contencioso por inundacións no nº 28 de Sta. Cristina

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando:

“En canto ó Decreto da Alcaldía nº 2021006069 de persoamento nun contencioso por inundacións na Avda. de Sta. Cristina, 28 ¿Podería explicar a que se refire este contencioso interposto contra o Concello?.”

5.28.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre pagamento da diferenza no prezo xusto nunha expropiación despois da sentenza do Xulgado de Expropiación de Galicia

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando:

“O Decreto da Alcaldía nº 2021005879 do pagamento da diferenza do prezo xusto sentenza do Xulgado de Expropiación de Galicia ¿Pode explicar un pouco isto? Porque parece que este Xulgado de Expropiación deulle a razón ó demandante en contra do Concello.”

5.29.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre o peche da Rúa do Riveiro

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-BNG D. **Xurxo Martínez**, manifestando:

“Seguen vendo nos medios que a Rúa do Riveiro segue a estar pechada ó público por problemas cun propietario polo que preguntan ¿Cal é a razón pola que non se abre o paso xa?.”



CONCELLO DE
OLEIROS

5.30.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre problemas de paso no Camiño do Saber cando chove

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-BNG D. **Xurxo Martínez**, manifestando:

“Este é un tema que xa trouxeron a este pleno e trata sobre o Camiño do Saber e sobre a problemática de que cando chove anégase e non se pode pasar, polo que os usuarios do colexio ou do centro médico non poden utilizalo ¿Está prevista a realización dalgunha obra que poña fin a esta problemática?.”

5.31.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-BNG sobre vivenda ilegal na Rúa Olmos

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-BNG D. **Xurxo Martínez**, manifestando:

“¿Como é posible que unha vivenda que se fixo ilegalmente na Rúa Olmos no ano 1997, cun informe dos técnicos municipais abrindo un expediente no ano 2000, siga 22 anos despois sen estar regularizada?.”

Antes de iniciar a súa quenda de preguntas, o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, salienta que das preguntas a formular unha vaina obviar, dado que é a que remata de expoñer o seu compañeiro do BNG.

5.32.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre urbanización da contorna da pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-Ciudadanos D. **Manuel Moinelo**, manifestando:

“Aínda que xa saben que está prevista ¿Canod se vai executar a obra de urbanización da contorna da pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro?.”

Ests pregunta fórmulase porque no mes de xullo tense prevista a celebración dunha competición a nivel nacional importante e a pregunta tamén é ¿Vai estar lista para esas datas?.”

5.33.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre execución da urbanización dunha rúa na confluencia da Rúa Carballido e Castaño

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-Ciudadanos D. **Manuel Moinelo**, manifestando:

“Hai máis dun ano que se rematou a urbanización de firme, beirarrúas, alumeado e rede de sumidoiros nunha rúa duns 100 m. e que incluso ten o soporte para poñerlle o seu nome, está situada na confluencia das Rúas Carballido e Castaño e si se mira a referencia catastral realmente só dá acceso a dúas fincas e non teñen dúbidas de que haberá algún motivo, pero coas cousas que hai que facer e arranxar en Oleiros, executar unha rúa con ese custe e que despois dun ano siga sen ser utilizada por ninguén sorpréndelle, por iso ¿Qué pasa con esta actuación?.”

5.34.- Pregunta do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos sobre uso do carril-bici polos ciclistas no concello

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Mixto,-Ciudadanos D. **Manuel Moinelo**, manifestando:

“Oleiros conta cun carril-bici que é un orgullo para toda a veciñanza porque abarca uns 12,7 quilómetros, que ban de Beiramar a Mera, pero existe unha curiosidade porque segundo o art. 36 do Código de Circulación sinala que cando exista un carril-bici paralelo a un vía pública identificado co sinal R/407, onde se vexa unha bicicleta branca sobre fondo azul, obriga ós ciclistas a circular por ese carril.

Tendo en conta o exposto, é frecuente observar como moitos ciclistas a pesares disto seguen a circular pola vía principal co conseguinte perigo e tamén para posibles atascos, porque é coñecido o problema que representa adiantar a un ciclista ou grupo de ciclistas, polo que lle gustaría saber ¿Pode a Policía Local facer forza coa imposición de sancións nestes casos como sinala a lexislación? Todo isto, porque deste xeito entende que sería un beneficio para a circulación polas vías municipais.”

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que vai empezar contestando ós rogos presentados e inicia co tema da procesionaria, á que parece que a friaxe está xa encargándose de eliminala, é o mellor método para pero



CONCELLO DE
OLEIROS

aínda así, o concello nas súas fincas ten un sistema instalado nas árbores para exterminala naqueles lugares onde existen piñeiros.

No referente á senda que vai desde A Cova ás Torres, é unha estrada de titularidade autonómica polo que deberían dirixirse á Xunta de Galicia quen debe ser a encargada de mantela, ó igual que a estrada de Meirás, que ten que mantela a Deputación provincial e non o Concello de Oleiros...

Neste intre, pola concelleira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinálalle ó alcalde que logo cambian o rogo no sentido de que se inste á Xunta de Galicia para que proceda a realizar ese mantemento, ó que lle contesta o alcalde, D. **Ángel García**, de que quen ten que actuar é a administración titular da estrada, está canso de requirirle á Xunta de Galicia que arranxe a estrada dos Regos e agora como houbo alí un accidente, de presa e correndo fan unha chapuza dunhas dimensións que non ten explicación porque vai haber máis accidentes que antes, tendo en conta o deseño coa execución de anchar a estrada e minorarse o paso de peóns, facendo este proxecto sen contar co concello.

Durante anos o concello estivo reclamando a execución de beirarrúas nesa estrada e outro tramo executado desde Montrove ás Pedreiras, fíxose curiosamente porque alguén veu vivir para Montrove e como tiña que levar ós fillos ó Colexio Cristo Rei, levaron a cabo esa beirarrúa. Por certo, unha concelleira do Partido Popular ata ben poucas datas, polo que é mellor que o grupo municipal de Oleiros do Partido Popular diríxase directamente ós seus compañeiros de Santiago, que seguramente lles farán moito máis caso.

En canto á existencia de asfalto nas arquetas, mirarano e en canto ó balado na escaleira que baixa á Ría en Beiramar, pódese baixar polo camiño do Areal e o resto do paseo está balado.

Sobre o solicitado na Rúa do Seixo, xa saben que hai un proxecto e que a ver se os responsables de Madrid algún día se dignan executar o paseo ata o Concello de Cambre, eliminando os pozos existentes.

Moitas grazas por se preocupar pola saúde do alcalde, en canto á reparación da Rúa do Mar, entende que está arranxada...

Neste intre o voceiro do grupo “Socialista”, Sr. **Pérez**, sinala que existe unha rúa con fochancas nesa zona, producíndose neste intre debate entre o nomeado concelleiro coa voceira do goberno municipal, Sra. **Varela**, manifestando esta última que entende que o voceiro “Socialista” debe referirse á Rúa Dolores Ibarruri ou á Rúa Río do Seixo, onde nesta última había unhas fochancas que actualmente xa están arranxadas.

Segue coa contestación o alcalde, D. **Ángel García**, explicando respecto á turbidez no auga producida nestes últimos días, que se debeu tratar cando rebentou unha tubería e houbo que arranxala, provocando durante un tempo determinado curto que exista turbidez na auga, é unha realidade e que non pode arranxarse, aconteceu aquí no centro de Oleiros hai uns días e pasa tamén nos lugares onde se produzan.



CONCELLO DE
OLEIROS

Sobre os presentados polo representante do BNG, en canto ó parque da Rúa Meniños, existe unha empresa contratada para o mantemento dos parques e procederá ó seu arranxo ó igual que ós outros que lles faga falla.

En canto á pasarela ó Castelo de Sta. Cruz, está arranxada de hai pouco e so hai que ir por alí para ver as táboas novas postas, outra cuestión é a condución xeral que é competencia de Costas do Estado e que empeza a ter problemas de óxido na súa cabeceira, onde está o chan firme en Sta. Cruz e sobre a instalación de internet na Casa do Pobo de Iñás, tiña entendido que había en tódalas Casas do Pobo do concello e que non haxa en Iñás é unha nova para él.

No que atinxe ó exposto polo voceiro de Ciudadanos e á colocación de bancos no parque de As Viñas, cre que existen xa, existe unha zona infantil e unha zona verde debaixo dela, cre que o que se refire o Sr. Moinelo é á Rúa Trovadores; en Rialta existe unha visibilidade total, é unha entrada moi ancha e agora despois dunha longa loita co goberno do Partido Popular en Santiago, van rematar a obra que vai desde a estrada de Maianca á finca da Brava, incluso ata a entrada de Rialta e na Rúa Helios, en Icaria, mirarán o exposto polo voceiro do grupo de Ciudadanos e sobre o farol do Parque José Couso, evidentemente repararase.

Neste intre o voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, Sr. **Moinelo**, sinálalle ó alcalde que en canto ó paso de peóns en Rialta que habería que elevar, ó que lle responde o alcalde, Sr. **García**, que precisamente de que están moi altos os pasos de peóns en Rialta quéixase a xente, pero insístese polo primeiro de que a queixa que lle trasladan eses veciños é precisamente que se debería poñer con lomo igual que os demais existentes na urbanización.

Segue coa súa resposta o alcalde, D. **Ángel García**, agora á preguntas sinalando que sobre o proxecto no que se vai investir a axuda a remitir a La Palma, dicir que están á espera de que se lle comuniquen necesidades, que podería ser a unha cooperativa de plataneiros, a unha entidade social dese concello, insiste que están á espera de coñecer as necesidades para materializar esta axuda comprometida.

A pista de patinaxe de velocidade de Bastiagueiro é a mellor de Galicia e que pode usarse para o ciclismo tamén. Está restaurada e en canto a súa urbanización, está xa contratada e vaise executar toda a súa fronte ata a zona do aparcadoiro, polo que vai quedar maravillosamente.

O plan integral para Sta. Cristina, xa está aprobado e vaise executar o arranxo da súa vía principal, a avenida e tamén as súas dúas rúas laterais. Arranxouse a Rúa do Xuncal, vaise arranxar tamén a Pza. Darwin e vai quedar unha zona preciosa, sobre o peche de locais, algúns pecharon voluntariamente e outros houbo que pechalos polo propio concello porque non cumprían a normativa e os que están en sotos e non cumplan non haberá licenza para eles, polo que grazas a esta actuación está revitalizándose a zona coa apertura de novos locais de restauración, reorientando ós visitantes que antes ó que viñan era a facer algaradas e a non respectar o propio lugar.

No que atinxe ó preguntado sobre a posible tala de árbores en Beiramar, intúe que sí porque están nunha finca urbana e o seu propietario se quere obrar algún día terá que talar os árbores, polo que a decisión de talar ou non é allea ó concello, dependerá do seu propietario porque insiste en que é unha parcela urbana, 2B.



CONCELLO DE
OLEIROS

A respecto do tema do vandalismo e roubos, o concello está en perfecta coordinación entre a Policía Local e a Garda Civil e próximamente está convocada unha Xunta Local de Seguridade onde se estudará a situación actual e na que se tratarán de poñer as medidas necesarias para melloralas.

¿Apagóns? Xa está contestado...

Polo voceiro do grupo “Socialista”, Sr. **Pérez**, sinalalle ó alcalde que nunca lle contesta nada satisfactorio a este respecto, non están a facer nada, levan dicindo isto ano tras ano acontecendo en Rúas novas, como na Rúa da Tema.

No preguntado sobre o remate do SUD-1 en Mera, o único restraso existente é por mor da empresa de enerxía, a antiga FENOSA, que parece a auténtica dona deste país e quen ten a culpa dos apagóns, por certo. Parece que non quere nin facer, nin dar de alta os transformadores e estalles a dar largas continuas perxudicando enormemente ós veciños que queren construír alí as súas vivendas e ante o requerimento do Sr. **Pérez** (voceiro do grupo “Socialista”) de que logo non poden facer nada, o alcalde segue coa súa quenda de contestación manifestándolle que fará todo o que legalmente poda facer, seguindo escrupulosamente o sinalado nas leis.

Non sabe a que contencioso se refire o voceiro do grupo “Socialista” coa súa pregunta porque existen moitos contenciosos abertos, ó que lle responde o Sr. **Pérez**, que volve dar lectura a súa pregunta no senso de que se trata do Decreto da Alcaldía nº 2021005879, ó que lle responde o alcalde, Sr. **García**, que se non concreta máis é imposible contestarlle á pregunta porque é imposible ter en mente tódolos decretos que asina diariamente.

Sobre o preguntado polo BNG en canto a uns balados na Rúa do Ribeiro, dicir que cando se rematen as obras abrírase de novo, ademáis por alí non pasa ninguén e paso un pouco o mesmo co Camiño do Saber, que xa o trouxo en varias ocasións, e sempre dí o mesmo que para ir ó Colexio de Sta. Cruz hai outros moitos accesos e o que acontece é que como pasa o río por alí, cando chove inúndase e insiste en que hai outros camiños para ir ó colexio ante a reiteración por parte do concelleiro do BNG que se podería facer algo, o alcalde reitéralle que é un camiño en desuso porque xa non van os propietarios ás leiras que había alí e que agora xa non existen.

Sobre a posibilidade dunha vivenda en Rúa dos Olmos sen dar de alta, pode ser porque moitos anos atrás había moitos veciños que non daban de alta as súas vivendas porque non querían pagarlle ós arquitectos porque éstos pedían unha cantidade importante pola documentación para dala de alta, en moitas ocasións sen ter visitado a vivenda cando se contruíu, polo que insiste en que existen a día de hoxe vivendas sen dar de alta e o problema se dá cando hai unha herdanza que deben vir ó concello solicitar un certificado de inexistencia de expediente de infracción para regularizar a súa situación e dala de alta.

Sobre a urbanización da contorna da pista de patinaxe de Bastiagueiro, xa sinalou que se vai contrar de inmediato; sobre o caso da Rúa do Castaño, trátase dun pleito entre particulares e naquel intre a él, persoalmente, pareceulle incomprendible a resolución e foi ese veciño de Perillo quen tivo que pagar esa obra, insiste en que unha sentenza xudicial sin ningún fundamento.



CONCELLO DE
OLEIROS

Finalmente, sobre o preguntado do carril-bici ten claro que no que respecta a Bastiagueiro ou Mera que, está o carril moi definido, ten claro que se lles podería sancionar de non utilízalo...

Engádese polo voceiro de Ciudadanos, Sr. **Moinelo**, que entende igual que o alcalde pero polo menos correr a voz de que se pode sancionar porque agora no inverno aínda non é moi gravoso o tema pero é que no verán un ciclista na recta de Bastiagueiro pode colapsar durante un bo tramo a circulación...

Ó que lle contesta afirmativamente o alcalde, D. **Ángel García**, no senso de que é certo de que se deberían de sancionar pero é que o gran problema é que Oleiros está tan fermoso que a cidadanía non só do concello senón de toda a comarca ven aquí a disfrutar dos fermosos lugares, paseos, sendas, etc.

Sen máis asuntos que tratar o sr. alcalde dá por rematada a sesión ás 21.15 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en vinte e sete (27) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.